

Código do documento	Código do expediente
UIT18I01SP	UCP/2024/57
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6A16 3U25 2I26 5W2Z 10ON	

RBF

RESOLUCIÓN

Aprobación do expediente de contratación da execución de Actividades de ocio, culturais e deportivas 2024/2025. Lote 1. Escolas culturais Lote 2. Escolas deportivas

O expediente para a contratación do servizo denominado actividades de ocio, culturais e deportivas 2024/2025, dividido en dous lotes: Lote 1. Escolas culturais e Lote 2. Escolas deportivas, iniciouse mediante orde da sra. concelleira delegada de economía, facenda e urbanismo.

De acordo co disposto polo artigo 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE (en adiante, LCSP) a adxudicación realizarase empregando o procedemento aberto.

Vistos os antecedentes que constan no expediente, o informe proposta emitido polo xefe de servizo de economía e facenda (documento con código UCP18I00OT), o informe que emitiu o secretario xeral sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación e sobre o expediente (documento con código UCP18I00OS) e a fiscalización deste pola intervención municipal (documento con código UIT18I01SO), de acordo co disposto no artigo 117 LCSP

C.I.F. P-1503100-H

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a contratación do servizo consistente na execución das actividades de ocio, culturais e deportivas 2024/2025: Lote 1. Escolas culturais Lote 2. Escolas deportivas, de acordo co artigo 117 LCSP. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de cláusulas técnicas.

Segundo.- Considerando as razóns expostas na memoria xustificativa do contrato, establecer como procedemento de adxudicación o procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 131.2 LCSP, entre os que se da preponderancia a aqueles que fan referencia a características do obxecto do contrato que poden avaliarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e, de acordo co disposto no artigo 63 LCSP, publicar o anuncio da licitación e no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratación do sector público, a memoria xustificativa do contrato que inclúe a xustificación do procedemento empregado para a adxudicación e o informe de insuficiencia de medios, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato e a presente resolución de aprobación do expediente, así

1 de 2

como o obxecto detallado do contrato, a súa duración e o presuposto base de licitación.

Cuarto.- Aprobar o correspondente gasto por importe de 311.047,76 € con cargo ás partidas orzamentarias que se indican e ás seguintes anualidades:

Lote	Orzamento 2024	Orzamento 2025	Aplicación orzamentaria
1: Culturais	99.928,71 € RC 220240001617	49.964,36 €	3341-22609
2: Deportivas	109.488,03 € RC 220240001955	51.666,66 €	341-22609

C.I.F. P-1503100-H

Culleredo, á data da sinatura dixital
A concelleira delegada de economía,
facenda e urbanismo
(asinado dixitalmente)

Dou fe,
O secretario xeral
(asinado dixitalmente)

PD (Resolución 1260 de 04/07/2023,
BOP num. 131 de 11/07/2023)